

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2025, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A AGRUPACIÓN CONSTITUÍDA POLAS ENTIDADES FUNDACIÓN ALDABA, FAIBEN FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR, MANAIA ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, INSPECTORÍA MARÍA AUXILIADORA E A ASOCIACIÓN CASA DE FAMILIA SANTA JOAQUINA DE VEDRUNA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA", NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.**

*(No lugar e data da sinatura dixital)*

## REUNIDOS

### Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no Diario Oficial de Galicia por Resolución de 8 de abril de 1991.

### E doutra parte:

Dona Adela Piñeiro Pérez, con DNI 36.041.687C, en calidade de Delegada en Galicia da Fundación Aldaba, nomeada representante da agrupación formada polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba, en virtude da cláusula 3ª.a) do convenio de colaboración asinado polas referidas entidades o día 24 de febreiro de 2025, con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como beneficiaria dunha subvención lle puideran corresponder segundo o artigo 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

As partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Segundo.-** A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.-** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, establece como principio reitor o recoñecemento, respecto, apoio e protección á familia como medio de transmisión da vida, de solidariedade, de educación e de valores fundamentais e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal e o equilibrio emocional e afectivo.

**Cuarto.-** A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

**Quinto .-** A protección da infancia en risco ou desamparo motiva, en moitos casos, a asunción da tutela ou da garda por parte da Administración. As leis establecen, en xeral, a prioridade do acollemento familiar sobre o residencial en base ao interese superior deses nenos e nenas que inclúe o seu dereito a vivir e medrar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Con todo, na actualidade existe un alto número de nenos e nenas que por varios motivos permanecen en centros residenciais, aproximadamente o 50% das situacións de tutela e garda.

Os centros proporcionan un lugar de residencia e convivencia a nenos, nenas e adolescentes que garante a adecuada cobertura das súas necesidades básicas e o efectivo exercicio dos seus dereitos. Entre eles, as casas de familia ofrecen, ademais, un marco educativo normalizador e integrador adaptado á realidade dos nenos e nenas, núcleos de convivencia máis pequenos, plenamente integrados na comunidade e atención máis personalizada. As entradas e saídas dos nenos e nenas



acollidos, en xeral, están marcadas polas súas necesidades educativas e de protección, desfrutando, na medida do posible, de saídas e visitas con pais, nais ou familiares.

Sen embargo, atopámonos con nenos e nenas que, polas súas circunstancias (o contacto coa familia de orixe non é posible ou conveniente para o seu interese superior e non resulta posible o acollemento en familia extensa), non poden acceder ás visitas e saídas coa familia propia, polo que teñen dificultades para poder vivir experiencias de relación familiar. Estas situacións redundan na fragilidade dos nenos e nenas acollidos nos centros de protección, nos que residen por longas temporadas. Situacións cronificadas e sen proxecto de saída claro que, polo paso do tempo e o acceso á maioría de idade, derivan en procesos de autonomía persoal ou reintegración na familia de orixe que aumentan a súa vulnerabilidade persoal.

**Sexto.** As entidades Fundación Aldaba, Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna asinaron con data 24 de febreiro de 2025 en Vigo un convenio de colaboración constituíndose como agrupación para a posta en marcha en común dunha nova iniciativa do *Programa de experiencias familiares de referencia, En Familia en 2025* co obxectivo de enmarcar e coordinar a colaboración das cinco entidades a fin de sumar os seus esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns. A Fundación Aldaba, desenvolve as funcións de "socio coordinador" desta agrupación, tal e como se estipula na cláusula segunda deste convenio.

Estas entidades participan coas súas iniciativas no sistema de protección á infancia e á adolescencia de Galicia, e conforman a agrupación que desenvolve o devandito programa para o presente ano.

As entidades que constitúen a agrupación teñen obxectivos comúns e/ou complementarios en áreas de intervención socio educativa con nenas e nenos en situación de desprotección. Suman esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns.

A Fundación Aldaba atópase inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1669-1, é unha fundación sen ánimo de lucro que dende o 1999 se encarga de axudar, protexer e coidar aos máis vulnerables. Inscrita no Rexistro de Fundacións de Interés Galego co nº1/2010, encontrase en Madrid, Galicia e Baleares.

Nos estatutos da fundación no artigo 5 constan como fins, entre outros:

- A atención a persoas menores de idade e adolescentes para protexer e defender os seus dereitos, desenvolver as súas capacidades, facilitar a súa integración social, así como a transición a unha vida adulta independente.
- Atención e apoio a persoas mozas extuteladas ou en risco de exclusión na súa transición cara á emancipación e a unha vida adulta independente.

En Galicia conta coa Casa de Familia Aldaba de Vilagarcía e o Centro de Menores O Seixo, desenvolvendo o programa de Intervención en Réxime de Acollemento Residencial e de Atención de Día.

Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades



Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-5197, é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego, comprometida coa infancia e a adolescencia en situación de risco e desprotección.

Nos estatutos da fundación, elevados a público o 13/05/2008 en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. Marcelino Estévez Fernández co número 1.075 do seu protocolo, consta no seu artigo 6 que o obxecto desta Fundación é a promoción de calquera tipo de iniciativa encamiñada ao desenvolvemento positivo da infancia e da mocidade, co propósito de ofrecer en ámbas etapas unha asistencia integral, mostrando especial preferencia por aquelas nenas e nenos e persoas mozas desprovistas de atención familiar e/ou risco de exclusión social.

Conta con tres Casas de Familia desde as que, a través dun modelo de convivencia familiar e normalizado, se traballa polo dereito dos nenos, nenas e adolescentes a ser membros dunha familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade. Ademais, promove outros programas e servizos que apoiem e acompañen os procesos dos nenos, nenas e adolescentes na construción dos seus propios proxectos de vida. Dende o ano 2014 conta, en colaboración coa Xunta de Galicia, cun programa de formación para familias que xa dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

Manaia Asociación Galega de Adopción e Acollemento, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída como entidade de natureza asociativa e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable.

Nos estatutos da fundación, consta no seu artigo 5 que os fins principais da asociación son:

- a) Fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional, e o acollemento.
- b) Facilitar ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento.
- c) Colaborar coas administracións públicas para facilitar os procesos de adopción e acollemento.

MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, vén desenvolvendo un "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Inspectoría María Auxiliadora foi constituída como entidade de natureza relixiosa, como consta na escritura pública outorgada en Sevilla o 1 de setembro de 2017 e inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas co núm. 003906. Así mesmo, a entidade está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6807. Destaca o labor que desenvolve a través das súas plataformas sociais e diversas presenzas sociais distribuídas en todo o país como, fundacións sociais, programas de inserción laboral, inmigrantes ou centros de menores.

A Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, entidade de natureza asociativa constituída mediante escritura de constitución o 1 de xuño de 1995, e inscrita no Rexistro de Asociacións co número 1995/003559-1 (PO), está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-7358. Esta asociación foi constituída coa finalidade de acoller a un grupo de nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda, e ofrecerlles



unha asistencia integral, dentro dunha estrutura de vida familiar.

**Sétimo.** O *Programa de experiencias familiares de referencia, En Familia* pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento. Este programa mediante formación inicial e continua ás familias acolledoras temporais contribúe a garantir que sexan conscientes do contexto e circunstancias reais destes nenos, nena e adolescentes.

O acompañamento especializado e intensivo que se ofrece a través deste programa, tanto a nenos, nenas e adolescentes como ás familias, tamén contribúe a procesos proactivos que prevén posibles obstáculos que poidan xurdir nestes acollementos temporais. A metodoloxía do programa permite un alto grao de sensación de seguridade, durante todo o proceso, tanto para os nenos, nenas e adolescentes como para as familias, pola súa progresividade e control dos tempos.

O presente programa require do estudo e valoración dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes participantes, así como da difusión e formación das familias colaboradoras adecuadas ás necesidades da persoa menor de idade, así como do acompañamento posterior.

O programa, cando sexa conveniente ao interese dos nenos, nenas e adolescentes, promoverá estancias, saídas de fins de semana ou vacacións con familias colaboradoras.

**Oitavo.** A Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar a execución de programas como o que se describe, a través do cal a agrupación destas cinco entidades achega un punto de vista único para desenvolver a actividade do seu *Programa de experiencias familiares de referencia, En Familia*.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que a dita agrupación é idónea pola súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias, para o desenvolvemento do dito *Programa de experiencias familiares de referencia, En Familia*. Ademais, as entidades que a constitúen xestionan casas de familia, ao resultar adxudicatarias dos correspondentes concertos sociais, nas que viven nenos, nenas e adolescentes cun elevado período de internamento.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

O coñecemento singular por estas entidades das características e necesidades individuais dos nenos, nenas e adolescentes que se pretende desinstitucionalizar mediante este programa fai que non sexa posible promover a concorrencia competitiva á hora de financiarlo, dado que é a única agrupación en toda a Comunidade autónoma que o pode levar a cabo, pola singularidade das características desta entidade, a especificidade dos servizos que sen van prestar a través deste programa e a especial vulnerabilidade das persoas ás que vai dirixido.

Tendo en conta o que antecede e ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 13 de decembro, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso á agrupación para



a execución do "Programa de experiencias familiares de referencia EN FAMILIA" da dita agrupación no ano 2025, a través da concesión directa dunha subvención coa sinatura deste convenio.

**Noveno.** A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

En virtude deste financiamento, resulta aplicable a seguinte normativa: Regulamento (UE) 2020/2094, do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo y do Consello, de 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

**Décimo.** A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada no proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 27 de agosto de 2021 e publicado no *Boletín Oficial del Estado* nº 230 do 25/09/2021, por Resolución do 11 de setembro de 2021 da Secretaría de Estado de Derechos Sociales, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). Esta actuación encaixa na liña de investimento I2 (Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia) do Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" do dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O fito da Proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño de 2021, Comisión Europea COM(2021) 322, ao que contribúe é o Fito 325 (Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida), cuxo prazo de cumprimento previsto é o 4º trimestre de 2025.

En virtude do exposto, as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes:



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención, á agrupación constituída polas entidades Fundación Aldaba, Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, para o desenvolvemento do Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", do que é titular a agrupación, mediante o cal se lles facilita aos nenos, nenas e adolescentes, mediante estancias temporais con familias alleas, un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto posibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar e que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal, á vez que amplíe a súa rede relacional.

### SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA A SUBVENCIONAR

Prevese que as persoas beneficiarias ascendan a 28 nenos/as e/ou adolescentes e 150 persoas coñecedoras da problemática destas nenas e nenos e das que posteriormente saíran as que se ofrezan como acolledoras.

Criterios para a selección das persoas beneficiarias:

1. Serán destinatarios das actuacións do programa os nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda asumida pola Xunta de Galicia que se atopen nas seguintes situacións:

- a) Que no seu Proxecto Educativo Individual se contemple a estancia en familia como recurso para a consecución dos seus obxectivos educativos.
- b) Sen familia biolóxica, nin familia extensa, ben por ausencia ou por imposibilidade de facerse cargo.
- c) Provintes de situacións sociais moi carenciais sen referentes adultos.
- d) Con discapacidades psíquicas, físicas, sensoriais ou enfermidades, sen posibilidades de coñecer outra situación máis normalizadora que a de Centros Residenciais.
- e) Que a familia se atope nunha situación social cronicada e que esta non poida facerse cargo deles durante a fin de semana e períodos de vacacións.
- f) Que se atopen nunha situación vital de desmotivación marcada polo seu proceso de longo internamento.
- g) Con proposta de Acollemento Familiar simple en familia allea e que esta proposta non sexa viable debido á idade da nena, neno ou adolescente ou á súa situación persoal ou social.

2. Así mesmo, son beneficiarias as familias que se ofrecen para acoller aos nenos, nenas e adolescentes cunha motivación clara para complementar o proceso educativo destes cando son usuarios dos recursos residenciais. Así, para formar parte do programa deberán:

- a) Cumprir coa lexislación vixente, especialmente coa Circular de Acollemento Familiar en vigor.



- b) Participar activamente no proceso educativo do neno ou nena.
- c) Respetar e comprender as orixes da nena ou neno, así como as súas vivencias familiares, garantindo o respecto á súa intimidade e cumprindo coa normativa de protección de datos.
- d) Estar motivados para acompañar o proceso educativo dos menores en centros residenciais, mantendo unha relación de continuidade co mozo ou moza.
- e) Contar con características afectivas, relacionais, convivenciais e recursos culturais, educativos e económicos adecuados para favorecer o desenvolvemento persoal e social do menor.
- f) Aceptar o proceso de estudo e valoración, integrándose nun proceso global de atención que debe ser coherente e harmónico.

### TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo xeral do Programa de Experiencias Familiares de Referencia é mellorar a vivencia da vida familiar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial a través de experiencias familiares de referencia.

Obxectivos específicos:

OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectoras para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.

OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.

OE3. Incorporar novas familias colaboradoras ao sistema de protección.

Para alcanzar estes obxectivos, desenvolveranse as seguintes actividades:

1. Identificación de nenas, nenos e adolescentes susceptibles de participar no programa, incluíndo a valoración inicial e proposta á administración como titora.
2. Difusión, sensibilización e captación de familias mediante sesións informativas sobre o sistema de protección á infancia e a alternativa do acollemento familiar.
3. Formación inicial ás familias interesadas, previa a valoración inicial.
4. Ofrecemento das familias interesadas en formalizar o seu ofrecemento como familia acolledora ante a Xunta de Galicia, concluíndo coa asignación dun número de expediente ou posible rexeitamento.
5. Valoración inicial de familias colaboradoras mediante entrevistas e informe dirixido ao Equipo Técnico do Menor (ETM) para determinar a súa participación no programa.
6. Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a mediante análise dos perfís das familias e dos nenos e nenas participantes, finalizando cunha preselección e proposta ao ETM.
7. Experiencias familiares de referencia, mediante a elaboración de plans de traballo, acompañamento nas fases de adaptación e contactos, organización da formación continua para familias colaboradoras e realización de informes de seguimento en coordinación cos recursos



residenciais.

8. Supervisión externa realizada por profesionais con ampla experiencia no desenvolvemento de programas similares, co obxectivo de revisar e contrastar a intervención diaria cos marcos teóricos e conceptuais establecidos.

#### **CUARTA.- OBRIGAS E REQUISITOS DAS ENTIDADES QUE FORMAN A AGRUPACIÓN COMO BENEFICIARIAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da agrupación de entidades beneficiarias, así como de cada unha das entidades que forman a dita agrupación:

- a) Cumprir os requisitos estipulados no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en relación á agrupación de entidades como beneficiarias da concesión de subvencións.
- b) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidades beneficiarias estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- d) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás cinco entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos pola base reguladora da subvención, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e



control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos, desde o pagamento do saldo, ou a falta deste pagamento, da operación. Se o financiamento é inferior ou igual a 60.000,00€ o período será de 3 anos.

- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

No marco da cláusula novena do Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, subscrito con data 27 de agosto de 2021, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, publicado por Resolución do 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, as entidades que desenvolven o programa subvencionado comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, as entidades que desenvolven o programa farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, e conforme ao establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade as entidades deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Facilitar á Administración toda a información e documentación esixida pola vixente circular de acollemento familiar, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.
- l) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte da agrupación de entidades, das obrigas previstas para cada unha das entidades que a compoñen, segundo o programa (anexo II), así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. A estes efectos, o representante da agrupación de entidades, será o responsable de proporcionar a documentación indicada.



Así mesmo, tendo en conta o establecido no expoñendo décimo e segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en consonancia co que recollido no artigo 129 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo y do Consello, de 23 de setembro de 2024, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercer a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, a Fiscalía Europea.

- m) Elaborar e publicar unha memoria anual das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización da anualidade de execución do convenio, e en todo caso no mes de xaneiro do ano seguinte de execución.
- n) Aceptar a cesión e tratamento de datos ás Administracións Públicas implicadas, para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, na execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), nos termos indicados no Anexo III.
- o) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.
- p) Presentar a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), nos termos indicados no Anexo V conforme ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.
- q) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto, para cada compoñente, no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. As reformas e investimentos propostos no compoñente 22 contribúen nun 100% ao obxectivo de integración do clima e nun 40%, ao obxectivo medioambiental, segundo define o ámbito de intervención 026 "Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio". Así mesmo, a liña de investimento 2 do compoñente 22 inclúe a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e as entidades do terceiro sector de acción social e a dixitalización das infraestruturas de protección residencial de nenos, nenas e adolescentes, en especial con necesidades especiais ou migrantes non acompañadas. A esta liña aplícase o campo de intervención 11, "Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións", cun coeficiente de 100% en canto á transición dixital.

A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do



Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

De acordo co dito compromiso, o compoñente 22, Inversión 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece que os equipos utilizados cumpriran cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

- r) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- s) As cinco entidades comprométense a non disolver a agrupación constituída polo convenio de colaboración asinado con data 24 de febreiro de 2024, ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 35 e 63 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Comprométense ademais a impulsar o adecuado funcionamento do programa descrito, colaborando entre si na planificación do servizo.

#### **QUINTA.- DEBERES E RESPONSABILIDADES DE CADA UNHA DAS ENTIDADES QUE FORMAN A AGRUPACIÓN, EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DO PROGRAMA**

A entidade socia coordinadora da agrupación, Fundación Aldaba, realizará as seguintes funcións:

- a) Dirixir e coordinar a execución do programa "EN FAMILIA".
- b) Coordinar o programa, asumindo principalmente as contratacións e gastos necesarios, así como pór a dispor do mesmo os recursos técnicos e materiais que correspondan.
- c) Verificar o cumprimento dos compromisos de cada entidade socia.
- d) Preparar os informes e documentación necesaria para a xustificación do programa.

As demais entidades socias, son responsables de:

- a) Participar nas actividades previstas no programa.
- b) Pór ao dispor do programa os recursos técnicos e materiais que lle correspondan.
- c) Participar nas reunións de coordinación e seguimento do programa.
- d) Proporcionar á entidade socia coordinadora, a información e resultados das actividades do programa no momento que corresponda.
- e) Informar inmediatamente á entidade coordinadora da calquer suceso que poida causar interrupción temporal ou permanente do servizo.



f) Proporcionar todos os documentos necesarios para un control ou unha auditoría, segundo o recollido nos puntos e e k) da cláusula cuarta, realizada polas autoridades competentes.

## SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

1. Para o desenvolvemento do programa a agrupación disporá de persoal especializado nesta área de actuación, segundo o apartado "Recursos humanos, técnicos e materiais" do programa que figura no Anexo II.

Porá, así mesmo, a disposición do programa, o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

2. Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento o desenvolvemento do programa son os que a seguir se relacionan:

- 1 Director/a técnico.
- 2 Educadoras/es ou traballadoras/es sociais.
- 1 Psicóloga/o.
- 1 Técnico de xestión de proxectos e sensibilización social.

3. Os equipos profesionais que se poñan a disposición deste programa en ningún caso poderán actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser cada unha das entidades que conforman a agrupación as que impartan as oportunas ordes ás súas traballadoras/traballadores e as que ostenten respecto deste persoal o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de entidades empregadoras.

4. A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as actividades de captación, formación, valoración inicial, acompañamento, así como avaliación e formación continua das familias do programa a subvencionar e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

## SÉTIMA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará a totalidade do custo derivado da execución en 2025 do programa a subvencionar a través deste convenio, cunha contía global de 218.455,94 € con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do PRTR – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, distribuído na seguinte anualidade:

Anualidade	2025
Importe	218.455,94 €



A subvención limitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para as entidades conveniantes. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola administración non varíe.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. O pago realizarase en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, á entidade socia da agrupación que exerza a función de coordinadora do programa, que terá a obriga de distribuír o importe entre o resto das entidades que forman parte de dita agrupación, en función das xustificacións presentadas, do seguinte xeito:

Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais ata un máximo de 174.764,75 € para o ano 2025 (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 34.445,59 € (80 % dos 18.000 primeiros euros máis o 10 % dos 200.455,94 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, a agrupación queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade coas características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.

2º. Ata 174.764,75 € pagaranse a medida que se xustifiquen as actividades descritas no programa a subvencionar por este convenio, para a anualidade 2025.

Os 43.691,19 € restantes (20% da cantidade total subvencionada) pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio.

3. A xustificación e pagamento do anticipo e das restantes partidas descritas no punto anterior, realizaranse de acordo coa distribución por entidades que figura no Anexo I.

## OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

As actividades que conforman o programa "EN FAMILIA" e os gastos nos que se incorra polas realización destas actividades, incluído o IVE cando non sexa recuperable, e que poidan ser subvencionables deben xustificarse segundo os orzamentos especificados para o ano 2025, de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Para proceder ao pagamento a agrupación debe presentar, por cada unha das entidades que a conforman, unha xustificación na que detalle con claridade as actividades do programa financiado a través deste convenio, realizadas por cada unha delas. A tal efecto debe presentarse en cada xustificación:



a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- 1º. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de xustificación, o 20 de decembro de 2025.
- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global do programa.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- 1º. Unha relación clasificada dos gastos realizados en cada actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
- 2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior. As mesmas serán cotexadas por parte da entidade que asume a representación da agrupación, ao ser a encargada do control da documentación presentada.
- 3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- 4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar cada unha das entidades beneficiarias cando o importe do gasto sexa, polo menos, de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou gastos anteriores á sinatura do convenio que se teñan realizados dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais das persoas traballadoras que participen no programa, a agrupación deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- 1º. Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- 2º. Recibos de salarios.



3º. Documentos 'Relación Nominal de Traballadores' e o documento de 'Relación de liquidación de cotizacións' correspondentes aos meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

Estes xustificantes non serán esixibles no momento da presentación da xustificación final, para aqueles gastos realizados no derradeiro mes do ano de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible, dentro deste prazo de xustificación, por causas non imputables á agrupación. Nestes casos será suficiente coa presentación do resto da documentación requirida. Tampouco será esixible, no momento desta xustificación, presentar os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para do mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de cada ano.

A agrupación comprométese á presentación da Relación Nominal de Traballadores e da Relación de liquidación de cotizacións para o mes de decembro, así como os impresos de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre e dos respectivos xustificantes de pago que non se poidan presentar no momento da xustificación final, unha vez obren no seu poder. Ademais, comprométese á presentación dos xustificantes de pago relativos a custes salariais de 2025 que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, xunto cos documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de 2025, con data límite de presentación do 15 de febreiro de 2026.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano de execución do programa, e deberá presentarse na dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 17 de decembro do ano 2025, para a execución do programa subvencionado polo convenio.

A cantidade a imputar ás actividades que forman parte do programa subvencionado será do 100% do gasto do persoal, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actividades que conforman o programa a subvencionar. No caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación á realización destas actividades. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada, en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que os complementos extrasalariais ou as indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que a substitúa.



- No caso de que non se substitúa o/a traballador/a titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e para cumprir coa obriga da identificación do perceptor final prevista no artigo 8, apartado 2, da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa de cada unha das entidades que forman a agrupación, en cuxo caso, a entidade socia coordinadora da agrupación deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF de cada entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa que represente a cada unha das entidades.

3º. Domicilio fiscal das persoas xurídicas.

4º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, de cada entidade.

5º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, de cada entidade.

6º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de cada entidade.

7º. Inscripción no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á agrupación a presentación dos documentos correspondentes.

e) A agrupación no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

## NOVENA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES

Segundo o art. 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores, a avaliación de risco de fraude, o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da



canle habilitada na web:

[-https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx](https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx)

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

[-https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias](https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias)

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no Plan específico de prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Consellería de Política Social e Igualdade, que foi asinado o 18 de febreiro de 2022.

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf)

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf)

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, o procedemento de concesión de subvencións, que se poida levar a cabo en virtude deste convenio, estará sometido á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR.

O presente procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes da axuda a información da súa titularidade real cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación informática MINERVA da AEAT. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá remitirse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta de achega desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.



Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A través da aplicación informática MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da subvención, os titulares reais recuperados polo órgano competente para o outorgamento da subvención.

### DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

Queda prohibida o dobre financiamento (artigo 191 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo y do Consello, de 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión). As reformas e os proxectos de investimento financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021 (Regulamento MRR).

### DÉCIMO PRIMEIRA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

3. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.



4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que a cidadanía poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. As entidades que forman a agrupación serán responsables do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro e tratarán os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teñan acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. As entidades esixiranlle ao persoal que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación. Así mesmo, este compromiso de confidencialidade debe ser suscrito polas familias que participen no mesmo.

## DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, proposta de modificación e resolución ou efectos que poidan xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

a) Dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, que serán a persoa titular da subdirección xeral con competencias en Política Familiar, Infancia e Adolescencia que actuará como presidente/a da comisión, e a persoa titular do servizo con competencias en protección á infancia e á adolescencia. Os respectivos suplentes serán designados pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Un representante da entidade que coordina o programa e, no seu caso, o respectivo suplente, designado pola presidencia desta entidade.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e, no seu caso o seu respectivo suplente, que serán designados pola persoa titular da Consellería de Política Social e



Igualdade a proposta desa Dirección Xeral.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, no marco da concesión da subvención pública. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Igualdade.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante abranguerá as actividades obxecto deste programa que se realicen pola agrupación desde o 1 de xaneiro de 2025.

### **DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### **DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumplimento de calquera das súas cláusulas que o regulan.



- b) A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute o programa obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir á agrupación o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a dita entidade procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actividades subvencionadas.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Todas as entidades se comprometen a non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## DÉCIMO SEXTA.- COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo a cláusula novena do Convenio entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia asinado o 27 de agosto de 2021, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do MRR os asinantes comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade



realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, e conforme ao establecido no Manual de Marca do PRTR confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

- <https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Pola Agrupación

A Conselleira de Política Social e Igualdade

A representante da agrupación

Fabiola García Martínez

Adela Piñeiro Pérez



**ANEXO I**

<b>Orzamento – PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA"</b>			
<b>Orixe dos fondos</b>			
	custe total	% imputado ao programa	custe do programa
<b>Gastos de persoal</b>			
Técnica Programa zona Norte	31.623,73 €	100,00%	31.623,73 €
Técnica Programa zona Sur	31.923,80 €	100,00%	31.923,80 €
Psicóloga/o	31.517,48 €	100,00%	31.517,48 €
Coordinador de proxectos e sensibilización social	38.351,65 €	100,00%	38.351,65 €
Director técnico	40.727,44 €	100,00%	40.727,44 €
	<b>174.144,10 €</b>		
<b>Dietas e desprazamentos</b>			
Transporte e desprazamentos	9.600,00 €	100,00%	9.600,00 €
	<b>9.600,00 €</b>		
<b>Locais e subministros</b>			
Aluguer Local	8.243,97 €	75,00%	6.182,98 €
Subministros	648,86 €	100,00%	648,86 €
	<b>6.831,84 €</b>		
<b>Comunicacións</b>			
Comunicacións	480,00 €	100,00%	480,00 €
	<b>480,00 €</b>		
<b>Gastos de administración e xestión</b>			
Custos xerais (mantemento informático, electricidade, xestión laboral, xestión contable e outros asimilados)			15.000,00 €
	<b>15.000,00 €</b>		
<b>Actividades e material funxible</b>			
Material de difusión e de oficina	4.000,00 €	100,00%	4.000,00 €
	<b>6.000,00 €</b>		
<b>Outros gastos</b>			
Auditoría	2.500,00 €	100,00%	2.500,00 €
Supervisión externa	3.700,00 €	100,00%	3.700,00 €
Formadoras	2.200,00 €	100,00%	2.200,00 €
	<b>8.400,00 €</b>		
			<b>218.455,94 €</b>
			100,00%



Orzamento – PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA"						
	Custe do programa	Aldaba	Manaia	Mª Auxiliadora	Vedruna	Faiben
<b>Gastos de persoal</b>	<b>174.144,10 €</b>					
Técnica Programa zona Norte	31.623,73 €	31.623,73 €				
Técnica Programa zona Sur	31.923,80 €	31.923,80 €				
Psicóloga/o	31.517,48 €	31.517,48 €				
Técnico de proxectos e sensibilización social	38.351,65 €	38.351,65 €				
Director técnico	40.727,44 €	40.727,44 €				
<b>Dietas e desprazamentos</b>	<b>9.600,00 €</b>					
Transporte e desprazamentos	9.600,00 €	9.600,00 €				
<b>Locais e subministros</b>	<b>6.831,84 €</b>					
Aluguer Local	6.182,98 €	6.182,98 €				
Subministros	648,86 €	648,86 €				
<b>Comunicacións</b>	<b>480,00 €</b>					
Comunicacións	480,00 €	480,00 €				
<b>Gastos de administración e xestión</b>	<b>15.000,00 €</b>					
Custos xerais	15.000,00 €	15.000,00 €				
<b>Actividades e material funxible</b>	<b>4.000,00 €</b>					
Material de difusión e de oficina	4.000,00 €				2.000,00 €	2.000,00 €
<b>Outros gastos</b>	<b>8.400,00 €</b>					
Auditoria	2.500,00 €	2.500,00 €				
Supervisión externa	3.700,00 €		3.700,00 €			
Formadoras	2.200,00 €			2.200,00 €		
	<b>218.455,94 €</b>	<b>208.555,94 €</b>	<b>3.700,00 €</b>	<b>2.200,00 €</b>	<b>2.000,00 €</b>	<b>2.000,00 €</b>
	100,00%	95,47%	1,69%	1,01%	0,92%	0,96%



## ANEXO II. PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA DESCRIPCIÓN

O programa pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias con familias alleas que se constitúan en referencias familiares no seu desenvolvemento.

Trátase de ofrecer a eses nenos, nenas e adolescentes un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto possibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar e que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal á vez que amplíe a súa rede relacional.

O presente programa aborda as necesidades non cubertas de nenos, nenas e adolescentes para os que non se prevé unha solución familiar, evitando no posible unha estancia longa nun recurso residencial. O seu funcionamento require do estudo dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes participantes, así como da difusión, captación, formación e valoración iniciais das familias colaboradoras adecuadas ás necesidades da persoa menor de idade, así como do acompañamento posterior.

### XUSTIFICACIÓN

A protección da infancia en risco ou desamparo motiva, en moitos casos, a asunción da tutela ou da garda por parte da Administración. As leis establecen, en xeral, a prioridade do acollemento familiar sobre o residencial en base ao interese superior deses nenos e nenas que inclúe o seu dereito a vivir e medrar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia.

Con todo, a realidade amósanos que na actualidade existe un alto número de nenos e nenas que por varios motivos permanecen en centros residenciais; aproximadamente o 42% das situacións de tutela e garda. Estes centros proporcionan un lugar de residencia e convivencia a nenos, nenas e adolescentes que garante a adecuada cobertura das súas necesidades básicas e o efectivo exercicio dos seus dereitos. Entre eles, as casas de familia ofrecen, ademais, un marco educativo normalizador e integrador adaptado á realidade dos nenos e nenas: núcleos de convivencia máis pequenos, plenamente integrados na comunidade e que lles ofrecen atención máis personalizada.

As entradas e saídas destes centros dos nenos e nenas acollidos, en xeral, están marcadas polas súas necesidades educativas e de protección, desfrutando, na medida do posible, de saídas e visitas con pais, nais ou familiares.

Sen embargo, atopámonos con nenos e nenas que, polas súas circunstancias, sen contacto familiar protector estable nin acceso ao acollemento en familia extensa, non poden acceder ás visitas e saídas coa familia propia e, polo tanto, teñen dificultades para poder vivir experiencias de relación familiar.

Estas situacións redundan na fragilidade dos nenos e nenas acollidos nos centros de protección: con nenos e nenas residindo por longas temporadas, situacións cronificadas e sen proxecto de saída claro que, polo paso do tempo e o acceso á maioría de idade, derivan en autonomía persoal ou reintegración familiar sen condicións de protección, especialmente nos de maior idade (12 a 17 anos).



Neses casos, ademais, o acceso ao acollemento familiar non resulta posible, ben polo excesivo tempo de tramitación, pola ausencia de familias apropiadas ou ben polas propias características dos nenos e nenas (de idades avanzadas, grupos de irmáns que poden ser numerosos, nenas ou nenos con condutas conflitivas ou con necesidades educativas especiais), o que de feito acaba privándoos da experiencia dun ambiente familiar normalizado.

Ao mesmo tempo, existen familias que, unha vez explicadas as circunstancias e necesidades das nenas, nenos e adolescentes vulnerables e a disposición técnica de formación e acompañamento móstranse dispostas a colaborar co proceso educativo deses nenos, nenas e adolescentes durante os períodos e formatos necesarios.

## ENTIDADES PROMOTORAS

Con data 24 de febreiro de 2025 a Fundación Aldaba, Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de enmarcar e coordinar a colaboración das cinco entidades no "Programa de Experiencias Familiares de Referencia" a fin de sumar os seus esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns. En virtude da cláusula 3ª.a) foi nomeada Adela Piñeiro Pérez, delegada en Galicia de Fundación Aldaba, como representante da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como agrupación beneficiaria, lle puideran corresponder segundo o artigo 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

A agrupación está constituída por entidades de iniciativa social que teñen obxectivos comúns e complementarios nas áreas de intervención socio educativa con nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección.

Por unha banda, Fundación Aldaba, Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna dispoñen de centros residenciais nos que son atendidos en réxime de acollemento residencial e/ou de atención de día, nenas, nenos e adolescentes con medida de protección a favor da Administración da Xunta de Galicia. O exercicio da garda implica tamén as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral ás nenas, nenos e adolescentes coa finalidade de promover o seu desenvolvemento persoal normalizador e a súa integración social. As catro entidades contan cunha ampla traxectoria no ámbito da protección, con profesionais con máis de 40 anos de experiencia.

Por outra banda, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento leva xa 18 anos traballando en adopción, e os últimos 4 anos tamén en acollemento, ofrecendo ás familias de Galicia espazos de atención, información e formación. Con 116 familias socias é a asociación máis numerosa e activa de todo o territorio galego.

As cinco entidades promotoras do Programa unen os seus esforzos e recursos asumindo dous principios fundamentais no traballo cos nenos, nenas e adolescentes:

- a consideración primordial do interese superior do neno ou nena sobre calquera outro que se estime lexítimo.



- a condición de carácter educativo que toda medida de amparo debe ter con respecto aos mesmos.

Para a constitución da agrupación e o desenvolvemento do programa que constitúe o obxecto deste convenio establécese a posición de Fundación Aldaba como coordinadora do dito programa asumindo as seguintes funcións:

- a) Asumir a execución e coordinación do programa. Para estes efectos noméase a Adela Piñeiro Pérez como representante da agrupación con autorización para cumprir coas obrigas que, como entidade beneficiaria, lle puidesen corresponder.
- b) Pór ao dispor do programa os recursos técnicos e materiais que lle correspondan, asumindo directamente as contratacións e gastos descritos e valorados no orzamento achegado.
- c) Verificar o cumprimento dos compromisos de cada entidade socia.
- d) Preparar os informes e documentación necesaria para a xustificación do programa.

Os resto das entidades son responsables de:

- a) Participar nas actividades previstas no programa.
- b) Pór ao dispor do programa os recursos técnicos e materiais que lle correspondan, asumindo directamente as contratacións e gastos descritos e valorados no orzamento adxunto.
- c) Participar nas reunións de coordinación e seguimento do programa.
- d) Proporcionar ao socio coordinador a información das actividades do programa e resultados no momento que corresponda.
- e) Informar inmediatamente ao socio coordinador de calquera suceso que poida causar interrupción temporal ou permanente do programa.
- f) Proporcionar todos os documentos necesarios para un control o unha auditoría realizada polas autoridades competentes.

Todas as entidades responderán solidariamente no caso de reintegro ou sanción derivada da subvención, comprometéndose a non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## REFERENCIAS LEGAIS

Convención da ONU sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, na Resolución (77) 33 do 3 de novembro de 1977 do Consello de Europa sobre acollida de menores, e nas Directrices sobre as modalidades alternativas de coidado dos nenos aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 2009.

Real Decreto do 24 de xullo de 1889, do Código Civil. En especial, o artigo 172 ter.3, que recolle a delegación de garda para estancias, saídas de fin de semana ou vacacións.

Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.



Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Circular de acollemento familiar, nº 1/2025, Instrucións para unificar e homoxeneizar criterios nos acollementos familiares en familia extensa e allea, da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

## OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

### Obxectivo xeral

Mellorar a vivencia da vida familiar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial a través de experiencias familiares de referencia.

### Obxectivos específicos

OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectoras para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.

OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.

OE3. Incorporar novas familias colaboradoras ao sistema de protección.

### Actividades

#### 1. Identificación de nenas, nenos e adolescentes susceptibles de participar no programa.

Inclúe a valoración dos nenos, nenas e adolescentes susceptibles de participar no programa e proposta á entidade titora.

#### 2. Difusión, sensibilización e captación de familias

Inclúe a difusión e organización de sesións informativas sobre o sistema de protección á infancia, a alternativa do acollemento familiar para os nenos, nenas e adolescentes, así como a recepción das solicitudes de participación no programa das familias.

#### 3. Formación a familias.

Inclúe a planificación e realización da formación inicial ás familias interesadas, previa á valoración inicial.

#### 4. Ofrecemento das familias.

Inclúe a información e acompañamento ás familias interesadas en continuar o proceso para formalizar o seu ofrecemento como familia acollidora ante a Xunta de Galicia. Conclúe coa asignación de número de expediente ou o posible rexeitamento. **Valoración inicial de familias colaboradoras**

Inclúe a realización de entrevistas a familias e conclúe coa valoración inicial, dirixida ao Equipo



Técnico do Menor, en adiante ETM, orientada a determinar a posible participación da familia no programa.

## 5. Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a.

Inclúe a análise dos perfís das familias valoradas e dos nenos e nenas participantes, unha vez ditada a resolución polo Departamento Territorial correspondente, e solicitada familia por parte do respectivo ETM. Finaliza cunha preselección dunha familia para o neno, nena ou adolescente concreto e a presentación desta valoración conxunta, como proposta ao ETM.

## 6. Experiencias familiares de referencia.

Inclúe a elaboración de plans de traballo e o acompañamento nas fases de adaptación e contactos e saídas regulares ou do formato de convivencia máis axeitado en cada caso, incluído o acollemento familiar en convivencia plena.

Igualmente, require da organización da formación continua para as familias colaboradoras e a realización dos informes de seguimento correspondentes en coordinación cos recursos residenciais de procedencia, en función da tipoloxía de formato de convivencia e da fase do proceso.

## 7. Supervisión externa.

Inclúe a supervisión por parte de profesionais externas con ampla experiencia no desenvolvemento de programas relacionados ou semellantes ao presentado noutras comunidades autónomas, co obxectivo de revisar o traballo profesional e contrastar os marcos teóricos e conceptuais coa práctica diaria. O núcleo da supervisión son os profesionais e o modelo de intervención, co obxectivo de identificar boas prácticas e xeneralizar aprendizaxes a outras situacións.

## Cronograma de actividades

	xan	feb	mar	abr	mai	xun	xull	ago	set	out	nov	dec
Identificación de nenas, nenos e adolescentes												
Difusión, sensibilización e captación de familias												
Formación a familias colaboradoras												
Ofrecemento das familias												
Valoración, preparación e proposta de familias colaboradoras												
Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a												
Experiencias familiares temporais ou en convivencia plena												
Supervisión externa												



## POBOACIÓN BENEFICIARIA

### Directa

Nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia que se atopen nas seguintes situacións:

- Nenos, nenas e adolescentes nos que dentro do seu Proxecto Educativo Individual (PEI) se contempla a súa estancia en familia como recurso para a consecución dos seus obxectivos educativos.
- Nenos, nenas e adolescentes que non poden contar coa familia biolóxica, nin familia extensa, ben por ausencia ou por imposibilidade de facerse cargo.
- Nenos, nenas e adolescentes que non teñen practicamente ningunha oportunidade de convivir en ambientes familiares porque proveñen de situacións sociais moi carenciais e na maioría de casos non teñen referentes adultos, ademais do persoal educador, profesorado ou monitoras/es.
- Nenos, nenas e adolescentes con discapacidades psíquicas, físicas, sensoriais ou enfermidades, sen posibilidades de coñecer outra situación máis normalizadora que a de Centros Residenciais dependentes da Administración Pública, tanto na súa etapa de neno/a ou adolescente, como na de persoa adulta.
- Nenos, nenas e adolescentes cuxa familia se atope nunha situación social cronificada e que esta non poida facerse cargo deles durante a fin de semana e períodos de vacacións.
- Nenos, nenas e adolescentes con desmotivación marcada polo seu proceso de longo internamento.
- Nenos, nenas e adolescentes con proposta de Acollemento Familiar en familia allea e cuxa proposta non fora viable ata o de agora debido á súa idade, a súa pertenza a grupo de irmáns ou á súa situación persoal ou social.

### Indirecta

Familias que se ofrecen para acoller aos nenos, nenas e adolescentes cunha motivación clara para complementar o proceso educativo destes cando son usuarias dos recursos residenciais.

Supoñen o recurso básico para desenvolver o programa e deberán:

- Cumprir cos requisitos establecidos na lexislación vixente e, en concreto, coa Circular de Acollemento Familiar en vigor.
- Colaborar no proceso educativo do neno/a.
- Comprender e respectar as orixes da nena/o así como a vivencia que ten da súa familia. A información sobre a vida da nena/o, terá que ser tratada con moito respecto, coñecendo o dereito que teñen á súa intimidade. Así mesmo, a familia colaboradora terá que estar informada sobre a normativa sobre a protección de datos cara ás nenas/os e adolescentes atendidos e debe comprometerse por escrito á confidencialidade dos mesmos.



- Estar motivadas para participar no acompañamento ao proceso educativo das nenas e nenos que viven nos centros residenciais, manifestando a dispoñibilidade de manter unha relación de continuidade da estancia temporal, co mozo ou moza.
- Dispoñer dunhas características afectivas, relacionais e convivenciais, así como duns recursos culturais, educativos e económicos que permitan que a estancia da nena ou neno con eles sexa satisfactoria para o seu desenvolvemento persoal e social.
- Aceptar un proceso de estudo e valoración. Haberán de ser conscientes de que a súa colaboración se integra nun proceso global de atención á nena/neno ou adolescente que vive nun centro residencial, polo que a súa colaboración terá que ser harmónica e coherente en relación co mencionado proceso.

### Situación actual

O punto de partida, a 01/01/2025, en relación aos obxectivos formulados é o seguinte:

Respecto ás nenas, nenos e adolescentes (en adiante NNA):

- 16 nenas e nenos integradas/os en familias acolledoras:
  - 14 en convivencia plena.
  - 2 en fins de semana e períodos de vacacións.

Respecto ás familias:

- 42 familias formadas.
- 22 familias valoradas.
- 14 familias colaboradoras integraron algún neno ou nena.

### INCIDENCIA PREVISTA

En relación cos nenos, nenas e adolescentes participantes, prevese a mellora das súas ferramentas e habilidades de relación familiar que lles permitan dotarse das capacidades necesarias para a, reintegración na súa familia de orixe, integración en familia allea, ou o acceso á vida autónoma.

Os resultados do proxecto en 2021 a 2024 demostran que as experiencias de convivencia derivadas deste programa contribúen ao desenvolvemento e integración social das persoas menores participantes mediante a creación de referencias familiares estables de contención e afectividade, así como a facilitación por parte das familias de novas relacións sociais na súa contorna.

Doutro lado, a sensibilización xunto coa mellora das competencias socioeducativas das familias participantes, contribúe indirectamente a un aumento do número de familias colaboradoras que se poidan incorporar ao acollemento familiar.

A estimación de participantes resulta complexa ao tratarse dun proxecto innovador no sistema de protección galego. Con todo, tras catro anos de funcionamento, a previsión para 2025, é de afianzamento e aumento do alcance do mesmo, en todos os aspectos:

- O alcance da difusión a familias estímase en 150 familias alcanzadas, tendo en conta a



implantación e traballo en rede de Manaia e o resto de socios do programa. Delas, prevese a participación nas sesións informativas dunhas 80 persoas.

- A participación de nenas, nenos e adolescentes no programa estímase en 26, dos que aproximadamente 12 serían novas incorporacións no ano 2025.

Por outro lado, respecto á identificación de nenas e nenos susceptibles de participar no programa, garántese a análise do 100% dos perfís das nenas e nenos derivados.

## INDICADORES PREVISTOS PARA AVALIAR O PROGRAMA

Obxectivos	Indicadores	Resultado esperado
OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectores para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.	11. Porcentaxe de nenas ou nenos que se manteñen en experiencias temporais en familias alleas.	90% das nenas e nenos.
OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.	12. Número de nenas ou nenos que acceden a experiencias en familias alleas.	12 novas nenas e nenos: - 8 en convivencia plena. - 4 en fins de semana e períodos de vacacións.
OE3. Incorporar novas familias colaboradoras ao sistema de protección.	13.1 Número de familias sensibilizadas. 13.2 Número de familias formadas. 13.3 Número de familias valoradas positivamente. 13.4 Número de familias colaboradoras que integran algún neno ou nena.	80 novas persoas informadas-sensibilizadas 15 novas familias formadas. 10 novas familias valoradas . 8 novas familias colaboradoras.

## LOCALIZACIÓN TERRITORIAL DO PROGRAMA

Toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

## METODOLOXÍA

### Proceso de captación, formación, ofrecemento e valoración das familias colaboradoras

**Captación.** Desde este Programa, procederase á difusión e organizaránse sesións informativas sobre a modalidade de estancia temporal dos nenos, nenas e adolescentes con familias colaboradoras no proceso educativo. As sesións incidirán na centralidade das persoas menores como suxeitos de dereitos, orientando á toma de decisións no seu interese superior.

**Formación inicial.** O equipo do programa En Familia deseñará e desenvolverá módulos formativos dirixidos ás familias interesadas. A duración (mínimo de 12 horas), metodoloxía e contidos respectarán o indicado na Circular de Acollemento Familiar vixente.

**Solicitud.** O equipo do programa En Familia recibe as solicitudes das familias susceptibles de colaboración nos procesos educativos dos nenos, nenas e adolescentes.



**Ofrecemento.** O equipo do programa En Familia orienta e acompaña para que as familias interesadas realicen a solicitude formal á Xunta de Galicia.

**Proceso de valoración inicial.** Coa solicitude iníciase o proceso para a valoración da familia, que require dun coñecemento máis profundo da dinámica familiar, motivacións, as capacidades educativas e afectivas e recursos socio-económicos e culturais.

Para acadar este coñecemento é precisa a participación da familia na formación inicial organizada pola agrupación así como a realización de entrevistas individuais.

Ao final do proceso, o equipo do programa En Familia realiza unha valoración inicial orientada a determinar a súa posible participación no programa, que enviará ao ETM correspondente como proposta de adecuación. Unha vez realizada a valoración de adecuación do ETM e recibida a resolución, comunicárase á familia.

### Proposta do neno ou do adolescente

Os ETM proporán os nenos, nenas e adolescentes susceptibles de participar no programa, mediante derivación formal dirixida ao equipo do programa, segundo anexo da Circular de Acollemento Familiar "Solicitude de familia acolledora para un menor concreto".

A proposta contará coa participación dos nenos, nenas e adolescentes implicados, que serán oídos se tivesen suficiente madurez e, en todo caso, se fosen maiores de doce anos, e dos equipos educativos dos centros residenciais correspondentes.

### Valoración conxunta/cruzada

O equipo do programa *En Familia* analizará os perfís para unha valoración conxunta das solicitudes, co fin de identificar o perfil idóneo da posible familia colaboradora compatible coa realidade do neno ou nena (territorio, composición da familia, formación e preparación realizada por esta, expectativas...).

Valoradas as alternativas, o equipo do programa *En Familia* realizará unha preselección dunha familia para un neno ou nena concreto e exporallo á familia colaboradora, que poderá aceptar ou non.

De ser aceptada, o equipo do programa En Familia presentará a proposta de asignación ó ETM da NNA.

### Plan de traballo

O equipo do programa En Familia encargárase de impulsar e acompañar o proceso de coñecemento, acoplamento e colaboración entre os nenos, nenas e adolescentes así como ás familias.

O equipo do programa En Familia, en coordinación co recurso residencial, desenvolve o Plan Individualizado de Protección no que constarán os períodos de saídas e estancia do neno ou nena coa familia colaboradora. O plan recollerá tamén unha fase previa de adaptación e primeiros contactos e saídas entre a familia colaboradora e a/o nena/neno, antes de establecer a modalidade de convivencia.

O éxito do plan de traballo require da mellor información e preparación previa de ambas partes. A



unificación de criterios educativos entre as persoas intervinientes no plan faise imprescindible para ofrecer tanto ao neno, nena ou adolescente como ás familias, expectativas reais.


A familia terá que coñecer as liñas educativas xerais que traia a nena/neno ou adolescente no seu Proxecto Educativo Individual no centro de orixe, para evitar respostas educativas contraditorias. O neno, nena ou adolescente necesitan dun criterio de realidade que os sitúe no seu contexto actual e que os permita gozar do momento de estancia coa familia, sentíndose ao tempo escoitados e respectados nas súas expresións e manifestacións.

O equipo do programa En Familia encargárase de informar e acompañar as familias durante o proceso, mentres que os centros residenciais farán o propio preparando e acompañando os nenos ou nenas.

### Acompañamento e formación continua

A familia que desexa colaborar neste programa ten que aceptar o acompañamento que o ETM, o equipo do programa En Familia e o gardador farán conxuntamente da estancia do neno ou nena na familia acolledora.

Desde o equipo do programa En Familia achegaranse periodicamente os correspondentes informes de seguimento dirixidos ao ETM. No caso de incidencias, emitiranse tamén os respectivos informes, podendo chegar a interromperse a estancia, se fose preciso.



No caso de que a familia ou a nena/o non desexen continuar coa estancia temporal, realizarase un proceso de saída acompañado desde o equipo do programa En Familia e o centro residencial. Nese suposto, a familia terá que manifestar por escrito a súa decisión. A colaboración poderá finalizar tamén por acceso á maioría de idade, finalización da tutela ou cambio de medida de protección, por desexo do neno ou nena ou por valoración técnica do ETM en función da súa evolución.

## Avaliación

O programa contará cunha avaliación continua que se realizará do seguinte xeito:

- Avaliación cuantitativa e cualitativa semestral de indicadores de consecución de obxectivos nos plans de colaboración.
- Avaliación cuantitativa semestral de indicadores de consecución de obxectivos nos proxectos educativos individuais (PEI) dos nenos e nenas.
- Avaliación cuantitativa semestral de posibles incidencias.
- Avaliación cualitativa anual a través de enquisas de medición de satisfacción de participantes do propio programa.

## Supervisión externa

Asemade, o programa incluírá a supervisión externa por parte dunha entidade experta, co obxectivo de mellorar a intervención e os procedementos utilizados a través dun espazo de revisión que permita o contraste de ideas en situación de reflexión pausada e obxectiva, en liña cos modelos teóricos de referencia.

## RECURSOS HUMANOS, TÉCNICOS E MATERIAIS

Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento do proxecto, serán contratados pola Fundación Aldaba entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025.

O equipo estará composto polas mesmas figuras profesionais que o compuxeran no exercicio anterior:

- 1 Director/a técnico.
- 2 Educadoras/es ou traballadoras/es sociais.
- 1 Psicóloga/o.
- 1 Técnico de xestión de proxectos e sensibilización social.

O equipo humano do proxecto complementábase coa colaboración das persoas educadoras de referencia en cada recurso residencial, persoal propio de cada entidade, encargadas do traballo educativo cos nenos e nenas no centro e da coordinación e o seguimento ás familias colaboradoras correspondentes e co técnico da Asociación Manaia, que realizará as tarefas de difusión, sensibilización e captación de familias, así como nas formacións posteriores destas.

Para a formación a familias cóntase coa colaboración externa dunha profesional terapeuta, experta en situacións de trauma e acompañamento en procesos de acollemento familiar e adoptivo,



contratada tras acordo do equipo coordinador do proxecto. A prestación deste servizo canalízase a través da Inspectoría María Auxiliadora.

Para a supervisión cóntase cunha entidade externa experta, contratada tras acordo do equipo coordinador do proxecto. A prestación deste servizo canalízase a través da Asociación Manaia.

Para as actividades de difusión e sensibilización serán necesarios materiais e servizos externos, que proporcionará a Asociación Casa de Familia Sta. Joaquina de Vedruna e Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar.

A Fundación Aldaba dispón dos restantes recursos técnicos e materiais necesarios para a planificación e coordinación do Programa e dunha oficina de referencia e aula de formación, en réxime de aluguer.



### ANEXO III

#### Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do PRTR

Don/Dona....., DNI....., como representante da agrupación constituída para o desenvolvemento do Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", e domicilio fiscal en

.....  
beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular do programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", proxecto nº 2 e o subproxecto nº 7, de "Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollimento da infancia", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recadar e asegurar, a efectos de auditoría e control e para dispor de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de inversión no marco do plan de recuperación e resiliencia o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- I. O nome do perceptor final dos fondos;
- II. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- III. Unha lista de medidas para a execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 253 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo y do Consello, de 23 de setembro de 2024, ( e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....



## ANEXO IV

*Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*

Don/Dona ....., con DNI ....., como representante da agrupación constituída para o desenvolvemento do seu Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", e domicilio fiscal en ..... na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR en relación co dito programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA", no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, así o compoñente 22, Inversión 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece que os equipos utilizados cumprarán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo con a Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....



## ANEXO V

## DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI)

*(Presentar pola entidade conveniente)*

ENCAIXE: "C22.I2.P2.S7"

DENOMINACIÓN DO SUBPROXECTO: Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN: convenio de colaboración para o ano 2025, entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a agrupación constituída polas entidades Fundación Aldaba, Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, Manaia Asociación Galega de Adopción e Acollemento, Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna para o desenvolvemento do Programa de Experiencias Familiares de Referencia "En Familia"

FONDOS EUROPEOS: Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU

Convenio: convenio de colaboración para o ano 2025, entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a agrupación constituída polas entidades Fundación Aldaba, Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, Manaia Asociación Galega de Adopción e Acollemento, Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna para o desenvolvemento do Programa de Experiencias Familiares de Referencia "En Familia", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

Don/Dona....., DNI....., como representante da agrupación constituída para o desenvolvemento do Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", con NIF....., e domicilio fiscal en ....., parte asinante do dito convenio, ao obxecto de garantir a imparcialidade no convenio arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo y do Consello, de 23 de setembro de 2024, (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:



- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento da comisión mixta de seguimento e avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecer que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....

